

Coral Polifónica de Bueu

A “Coral Polifónica de Bueu” fúndase en 1979 por un grupo de persoas amantes do canto coral, veciños de Bueu. O seu primeiro director foi Xesús Moldes Monroy substituído posteriormente polo en aquel entón párroco de Bueu, Xesús Tenorio Pena. Tras a enfermidade e posterior pasamento deste último, a Coral sufriu unha paréntese de inactividade ata que en 1996, faise cargo da dirección Rosa M^a Cerviño Loira, profesora da Escola-Obradoiro de Música do Concello de Bueu, soprano lírica, diplomada en piano polo Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela.

Dende a súa fundación, a Coral desenvolve un inxente labor de divulgación e dignificación do patrimonio músico-coral galego, tendo participado en multitude de concertos ao longo do país, ademais de Portugal e outros lugares da xeografía galega.

Co concerto “Unha viaxe pola historia da música en clave galega” -no que se utiliza como fio conductor a música feita en Galicia e faise un percorrido histórico-didáctico polos distintos estilos musicais salientando a súa evolución dende a Idade Media ata os nosos días- actuaron nos anos 2007 e 2008 en dezaseis concellos galegos.

Promove e participa en cursos de canto, imprescindibles para mellorar a calidade da interpretación.

Comprometida coa normalización lingüística, interpreta en galego o seu repertorio, agás os orixinais en latín, para o que conta cun pequeno gabinete de tradución e investigación musical. Froito disto conta no seu repertorio coas Cantigas de Martín Códax, as pezas de música profana máis antigas que existen no mundo, así como pezas da polifonía do “Códice Calixtino”.

Na actualidade ten preparado xa un novo concerto didáctico de divulgación dos nosos poetas e compositores de música coral máis representativos. O concerto presentárase baixo o título: “De Rosalía a Bernardino Graña: os nosos poetas na música coral”.

A Coral Polifónica de Bueu gravou hai un tempo, grazas ao patrocinio xeneroso de Jorge Loira, o seu primeiro CD, presentado xa ao público de Bueu en marzo de 2016, co que quere e desexa deixar unha pequena mostra do traballo ao longo dos anos e o entusiasmo pola música coral.

Interpretarán

- “A trainera” Música: A. B. Celada / Letra: Ramón Cabanillas
“La sirena” Música: Rey Rivero
“A dornia” Harm.: Ángel Viro
“Chove na cidade” Letra: Manuel Antonio / Música: César Salgado García
“Que linda é Cuba” popular: Arranxo

Directora: Rosa Cerviño Loira

Como remate do Encontro, as tres corais interpretarán, conxuntamente::

- “Nosa señora da Guía” Tradicional. Harm.: Francisco A. Rey Rivero.
“Salve mariñeira” Oudrid

XI ENCONTRO DE CORAIS “O SON DO MAR”

Organizado pola
Coral Polifónica de Bueu
Auditorio do Centro Social do Mar

Sábado 7 de xullo de 2018 as 20:30 horas
Entrada libre e gratuíta



(Porto de Bueu hai anos: Autor Fernando Otero)

Masa Coral de Valladares

A Coral Polifónica de Valladares **empezou a súa andaina alá polo ano 1971**, con 57 voces mixtas, e baixo a dirección de tres fenomenais directores: D. Antonio Piñeiro Fernández, D. José Iglesias Ramilo e D. Francisco Rey Rivero.

O froito do moito traballo de ensaios durante meses fructificou nunha primeira aparición en público o 25 de agosto de 1974: nas festas parroquiais de San Campio, cantando a Santa Misa e ofrecendo un concerto dirixido polos tres profesores.

No ano 1975 obtivo o primeiro premio no Certame Provincial de Masas Corais, promovido pola emisora local “Radio Vigo” e no ano 1977 no Certame Rexional de panxoliñas.

Xa en 1978, actuación conxunta coa Banda de Música “Unión Musical de Valladares” (por mor do Día da Provincia de Pontevedra), en 1980 participación no Festival Folclórico en Santiago de Compostela nas festas do Apóstolo, no ano 1981 actuacións varias dentro do programa cultural dos Mundiais de Fútbol e nos actos de apertura do Día da Provincia, en 1983 obtivo o premio “VIPS”, patrocinado por Radio Vigo e graba o seu primeiro disco de “Música Coral Galega” xunto coa “Banda Unión Musical de Valladares”, en 1984, como peche ós actos de celebración do X Aniversario da Banda, actuación conxunta coa Coral Polifónica Casablanca, a Coral Polifónica A Marosa e a Banda Unión Musical de Valladares.

E así, numerosas actuacións e participacións ao longo dos anos, e como resumo destes últimos pódense enumerar: en Maio de 2014, celebra o 40º aniversario, para o que realizan unha serie de concertos, coa colaboración do Coro de São Pedro da Cova (Portugal), Camerata Abulense (Ávila), Cantares de Brión e Orfeón Mariñeiro do Berbés, cerrando dita serie cun concerto do Orfeón Rey Rivero e a U.M. de Valladares. No ano 2015 desprazouse a Avila e no ano 2016 actuou en Segovia.

As claves desta carreira de éxitos de todos estes anos están, sen dúbida, nos directores **Xosé Iglesias Ramilo** e **Antonio Piñeiro Fernández**, e na inestimable colaboración do mestre xa falecido **Francisco Rey Rivero**, e por riba de todo o esforzo, traballo e profesionalidade do seu director D. Xosé Iglesias Ramilo

Na actualidade a Masa Coral Polifónica do Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares -ao longo destes máis de 40 anos de vida da coral, pasaron por ela moitas persoas que, por diversos motivos, tiveron que deixala- conta con 55 voces mixtas e **está** dirixida por **Nuria Lorenzo López**

Interpretarán

Vendaval” ----- Rey Rivero
“Coita” ----- -A. García Abril
“Flor do romeu” ----- Rey Rivero
“Dulce embeleso”---- M. Matamoros - Electo Silva
“Funiculi funicula” ----- A. Guadagno

Directora: Nuria Lorenzo López

Coro Apóstol Santiago

Composta por cincuenta voces mixtas aproximadamente. Nace en Vigo no ano 1994 no seo do Colexio Apóstol Santiago e está dirixido, desde os seus comenzos, polo mestre lituano Rimas Zdanavicius.

O seu repertorio ofrece unha gran variedade de obras en diferentes idiomas e abrangue un extenso período histórico, dende a música medieval ata a música contemporánea, incluíndo, por suposto, música sacra e popular, así como óperas, zarzuelas, espirituais negros e vilancicos.

Ao longo da súa dilatada traxectoria ten participado en multitude de festivais, certames e concursos, fundamentalmente na área de Vigo e da provincia de Pontevedra, pero tamén en toda Galicia e máis no resto de España. Realizou intercambios musicais con agrupacións de Portugal, Canadá e Lituania. Gañou ou quedou finalista en varias ocasións en concursos de música sacra e vilancicos.

Co gallo do Bicentenario de Verdi, no ano 2013 formou o orfeón “Vicus ad Libitum” con outras dúas agrupacións corais da cidade de Vigo para interpretar algunhas obras deste autor extraordinario.

Interpretarán

“Foliada de Compostela” ----- Popular
“Ti virás” -----Álvarez
“Serenata” ----- Filipina Sampedro
“Ojos de España”----- Arr.: José Iglesias Ramilo
“Tributo a Rey Rivero” ----- Arr.: Fernández Iglesias

Director: Rimas Zdanavicius

Salve mariñeira

Salve, estrela dos mares, - dos mares iris de eterna ventura.
Salve, doce fermosura, - Madre do divino amor.
Aos teus fillos, os mariñeiros, - con clemencia deas consolo.
Fervoroso chegue ao ceo, - ata Ti, ata Ti noso clamor.
Salve, salve, Estrela dos mares,
Salve, Estrela dos mares.
Sí, fervoroso chegue ao ceo - e ata Ti, ata Ti, noso clamor.
Salve, salve, Estrela dos mares, - Estrela dos mares.
Salve, salve, salve, salve.